# INFORME SOBRE AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS AO ANTEPROXECTO DE LEI DA CALIDADE ALIMENTARIA DE GALICIA POLO CONSELLO GALEGO DE CONSUMIDORES E USUARIOS

Na tramitación do anteproxecto de Lei de calidade alimentaria de Galicia, o Consello Galego de Consumidores e Usuarios presentou unha serie de alegacións que foron obxecto de análise, cuxo contido e contestación se sintetizan a continuación:

> ***Primeira.-*** *O Consello Galego de Consumidores e Usuarios (CGCU) amosa unha opinión positiva do texto do anteproxecto de Lei de calidade alimentaria de Galicia, considera importante o desenvolvemento regulamentario e que non se demore para que non se quede nunha mera declaración de principios. Salienta a especial relevancia da regulación da calidade diferenciada e a importancia da sostibilidade e a súa certificación.*

→ Acéptase esta alegación e procederase, unha vez publicada a lei e na maior brevidade posible, ao desenvolvemento regulamentario da norma.

> ***Segunda.-*** *Para unha maior comprensión do texto e da súa estrutura proponse que o Título VII se divida en dous distintos: un deles relativo á "Inspección e medidas cautelares" e o outro dedicado a "Réxime e procedemento sancionador".*

→ Rexéitase esta alegación, por canto a actual previsión resulta sinxela e clara. O Título VII rubrícase como "Inspección e réxime sancionador" e logo desagrégase nos seguintes capítulos: o Capítulo I, dedicado á "Inspección", o Capítulo II, dedicado a "Medidas cautelares e preventivas", o Capítulo III, dedicado a "Normas comúns en materia sancionadora" e o Capítulo IV, dedicado a "infraccións en materia de calidade alimentaria", Capítulo V, dedicado a "Sancións" e o Capítulo VI, dedicado a "Procedemento sancionador e órganos competentes".

A inspección é unha actuación previa, ligada ao procedemento sancionador, polo que resulta coherente regulala no mesmo título que o réxime sancionador.

CVE: 0P7jPx5mbxZ0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA
Avenida do Camiño Francés, 10
15781 Santiago de Compostela
T. 981 540 055
agacal@xunta.gal

***Terceira***

***Artigo 16.-***

*- No apartado 2.f) aumentar o prazo de cinco anos a oito ou dez anos.*

→ Acéptase esta alegación, pero a ampliación do prazo faise a 6 anos, que é o prazo que fixa o anteproxecto para a prescrición das infraccións moi graves, no artigo 115.4. Ademais, o prazo adicional de seis meses para produtos de maior duración, amplíase a un ano.

Por iso o artigo 16.2.f) quedaría redactado da seguinte forma:

*"Conservar, en condicións que permitan a súa comprobación por parte das autoridades competentes, a documentación acreditativa do cumprimento das súas obrigas durante un prazo mínimo de seis anos. No caso de que a vida útil do produto sexa superior a seis anos, este prazo ampliarase nun ano máis, a contar desde o cumprimento da data de duración mínima do produto ou da data de caducidade".*

*- Engadir un apartado que recolla, entre as obrigas, a de estar inscritos nos rexistros administrativos obrigatorios ou, de ser o caso, ter realizada a comunicación previa de inicio de actividade, ou declaración responsable, cando así veña esixido pola normativa de aplicación.*

→Acéptase esta alegación, polo que se crea un novo parágrafo (que pasa a ser o g), de xeito que os parágrafos g) e h) quedarían redactados da seguinte forma:

*g) Estar inscritos nos rexistros administrativos obrigatorios ou, de ser o caso, ter realizada a comunicación previa de inicio de actividade, ou declaración responsable, cando así veña esixido pola normativa de aplicación.*
*h) Calquera outras obrigas establecidas nesta lei e demais normativa de aplicación.*

***Artigo 22.-*** *No apartado 5 proponse que, atendendo á seguridade alimentaria, se apliquen criterios epidemilóxicos a fin dunha posible aparición de enfermidades letais, polo que se considera razoable ampliar o prazo de conservación de 8 a 10 anos.*

→ Acéptase esta alegación, pero amplíase o prazo aos 6 anos, que é o prazo que fixa o anteproxecto para a prescrición das infraccións moi graves no artigo 115.4. Non se atende a criterios epidemiolóxicos, porque o obxecto desta lei non é á seguridade alimentaria. Este criterio epidemiolóxico deberá ser tido en conta, de ser o caso, na lexislación específica correspondente, á que tamén se refire o artigo 22.5. O prazo adicional de seis meses para produtos de maior duración, amplíase a un ano.

CVE: 0P7jPx5mbxZ0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Polo dito, o artigo 22.5 quedaría redactado da seguinte forma:

*"Os rexistros de todas as operacións realizadas haberán de conservarse durante un período mínimo de seis anos ao dispor dos servizos de inspección e control, salvo que se dispoña outra cousa nunha norma específica. No caso de que a vida útil do produto sexa superior a seis anos, este prazo ampliarase nun ano máis desde a data de duración mínima do produto ou data de caducidade".*

> ***Artigo 53.-*** *Resulta aconsellable fixar un prazo para as comunicacións ás que se refire este artigo.*

→Acéptase esta alegación, polo que o artigo 53 queda redactado da seguinte forma:

*"Artigo 53. Publicidade dos cargos dos consellos reguladores*
*Os consellos reguladores deben comunicar á consellería competente en razón da natureza do produto a composición dos seus órganos de goberno e as modificacións que se produzan. Igualmente, deben comunicar o nomeamento e o cesamento, de ser o caso, da persoa que ocupe a secretaría. As ditas comunicacións practicaranse nun prazo máximo de 15 días naturais desde o nomeamento, modificación ou cesamento".*

> ***Artigo 58.-*** *No punto 4 resulta necesario engadir, entre as materias obxecto de desenvolvemento regulamentario, o procedemento de suspensión.*

→Acéptase esta alegación, pero se recolle no artigo correspondente á suspensión e non no artigo da revogación.

Por isto modifícase o parágrafo 2 do artigo 57, que queda coa seguinte redacción:

*"2. Nos supostos nos que, no prazo sinalado non se proceda a emendar o incumprimento, iniciarase un procedemento co obxecto de determinar as responsabilidades dos membros dos órganos de goberno do consello regulador e poderanse adoptar medidas de suspensión temporal ou definitiva ou a inhabilitación para o exercicio do cargo.*
*Regulamentariamente poderán desenvolverse as disposicións relativas ás medidas a tomar no caso de incumprimento das funcións dos consellos reguladores así como da tramitación do procedemento de suspensión".*

En coherencia co anterior, modifícase o apartado 4 do artigo 58 para regular só o desenvolvemento regulamentario da revogación:

58.4:
*"Regulamentariamente poderán desenvolverse as normas relativas á*

CVE: 0P7jPx5mbxZ0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

*tramitación do procedemento de revogación".*

> ***Artigo 92.-*** *Aclarar ao final do parágrafo 1 que para realizar as operacións anteriores poderán acceder libremente, en calquera momento e sen previa notificación.*

→Acéptase esta alegación, dado que con esta modificación conséguese ter a inmediatez precisa para acadar unha maior eficacia no acto de inspección. Esta previsión está amparada tanto pola xurisprudencia, como polo Regulamento UE 2017/625 relativo aos controis e outras actividades oficiais realizados para garantir a aplicación da lexislación sobre alimentos e pensos, e das normas sobre saúde e benestar dos animais, sanidade vexetal e produtos fitosanitarios. Por isto modifícase o final do parágrafo 1 do artigo 92, que queda coa seguinte redacción:

*"Para realizar as operacións anteriores, poderán acceder libremente a todas as instalacións da persoa operadora, incluídos os vehículos de transporte, en calquera momento e sen previa notificación".*

> ***Artigo 96.3:***
>
> *- No parágrafo 2, aclarar se o prazo de 15 días se refire a días naturais ou hábiles.*

→ Acéptase esta alegación. Na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas prevese un prazo de 15 días para confirmar, modificar ou levantar as medidas provisionais, sen especificar se son hábiles ou naturais (artigo 56). O artigo 30.2 da dita lei prevé o carácter hábil e non natural dos prazos cando non se especifique na lei, por isto procede considerar e prever como hábil este prazo.

Por isto o artigo 96.3, parágrafo segundo queda redactado da seguinte forma:

*"As medidas cautelares deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas no acordo de iniciación do procedemento, que deberá efectuarse dentro dos quince días hábiles seguintes á súa adopción".*

> *- No apartado 3, consideramos que o acordo de iniciación debe conter un pronunciamento sobre as medidas cautelares.*

→ A redacción orixinal deste apartado correspóndese co artigo 56.2, parágrafo segundo, da Lei 39/2015. Non obstante, considérase axeitada a alegación e máis completa que a redacción citada. Por isto, Acéptase esta alegación, polo que o apartado 3 do parágrafo 3 queda redactado da seguinte forma:

*"O acordo de inicio debe conter un pronunciamento expreso sobre as medidas cautelares, polo que en todo caso, as devanditas medidas quedarán sen efecto*

CVE: 0P7jPx5mbxZ0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

*de non iniciarse o procedemento no citado prazo ou cando o acordo de iniciación non conteña un pronunciamento expreso acerca delas".*

***Artigo 98.-*** *No apartado 1 aclarar se os 15 días son hábiles ou naturais.*

→ Acéptase a alegación e o artigo 98.1 queda redactado da seguinte forma:

*"1. Se o órgano competente para iniciar o procedemento sancionador confirma a inmobilización cautelar que prevé o artigo anterior, este comunicaralle no acordo de incoación á persoa responsable ou á titular de dereitos sobre as mercadorías inmobilizadas que dispón dun prazo de quince días naturais para optar por algunha das seguintes operacións, en función dos supostos que motivaron a adopción da medida cautelar: (...)"*

***Artigo 110.-***

*- Consideramos oportuno limitar os casos de apercibimento.*

→ Acéptase esta alegación, polo que o artigo 110.a) queda redactado da seguinte forma:

*"Artigo 110. Sancións*
*As sancións a impoñer pola autoridade competente no ámbito de aplicación desta lei serán:*
*a) As infraccións leves serán sancionadas con apercibimento ou multa de ata 4.000 euros. O apercibimento só se imporá se non mediase dolo e nos dous últimos anos o responsable non fose sancionado en vía administrativa pola comisión do mesmo tipo infractor. Para o cómputo do prazo terase en conta como data inicial aquela na que a resolución sancionadora poña fin á vía administrativa e como data final a data de detección da nova infracción. (...)"*

*- Consideramos oportuno ter en conta nas sancións o beneficio económico obtido.*

→ Considérase axeitado ter en conta o beneficio económico obtido como circunstancia para a gradación das sancións. Porén, xa se ten en conta na actual redacción do artigo 112.1.f) do anteproxecto ["f) O volume de vendas ou de produción relacionado co feito infractor e a posición da empresa infractora no sector, así como o valor das mercadorías ou produtos afectados pola infracción"].

Non obstante, non procede modificar o redacción do artigo 110 no relativo á contía das sancións, xa que estas foron previstas respectando a normativa básica que contén o artigo 20 da Lei 28/2015, do 30 de xullo, para a defensa da calidade alimentaria. O seu carácter básico regúlase na Disposición Final 5ª desta norma.

CVE: 0P7jPx5mbxZ0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

***Artigo 113.-*** *Engadir dúas medidas non sancionadoras.*

→ Acéptase esta alegación, polo que o artigo 113 queda redactado da seguinte forma:

*"Artigo 113. Medidas non sancionadoras*

*Non terán carácter sancionador as seguintes medidas:*

*a) A clausura ou peche de empresas, instalacións, locais ou medios de transporte que non conten coas autorizacións ou rexistros preceptivos para o seu funcionamento.*
*b) A suspensión temporal ou definitiva do dereito ao uso da denominación que acorden os órganos de control de certificación das figuras de protección da calidade diferenciada, cando iso sexa resultado do incumprimento dos requisitos que as disposicións correspondentes esixen para o uso dos distintivos da denominación.*
*c) A retirada, cautelar ou definitiva, das canles de produción ou distribución daqueles produtos que sexan subministrados por establecementos que carezan da preceptiva autorización".*

José Luis Cabarcos Corral
Director da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
*(Documento asinado dixitalmente)*

**Asinado por:** CABARCOS CORRAL, JOSE LUIS
**Cargo:** Director
**Data e hora:** 15/09/2022 12:43:40

**CVE:** 0P7jPx5mbxZ0
**Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve